

Ref.: LA2406

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO 6º CONCURSO PÚBLICO PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS DE AGARDA DE PERSOAL DOCENTE DE SUBSTITUCIÓN. CURSO ACADÉMICO 2024-2025

Consonte ao disposto na base 4 do concurso público para a elaboración de listas de agarda de persoal docente de substitución convocado por esta universidade mediante resolución reitoral do 13 de marzo de 2025 (anuncio publicado no DOG do 18),

ESTA REITORIA RESOLVE:

Primeiro: Aprobar e facer pública no taboleiro electrónico da Universidade Vigo como anexo I (lista alfabética) e II (lista por referencia), a **relación provisional** de persoas admitidas e excluídas no concurso.

As persoas aspirantes provisionalmente excluídas que no prazo indicado no pé de recurso non emenden as causas de exclusión sinaladas serán definitivamente excluídas do presente concurso.

Segundo: De conformidade coa base 3 da convocatoria «*toda a documentación acreditativa dos méritos debe achegarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado dito prazo*». Soamente se poderán subsanar os **requisitos de acceso** que se indican en cada caso.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso e subsanar as causas de exclusión no prazo de **cinco (5) días hábiles** dende o día seguinte á publicación da mesma.

O REITOR,
P.D. (R.R. de 30 de maio de 2024, DOG do 10 de xuño)
A VICERREITORA DE PROFESORADO E ORDENACIÓN ACADÉMICA
(asinado dixitalmente)

- Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Universidade de Vigo

